

¡Enhorabuena!

¡Eres el visitante 999.999! Has sido seleccionado a las 6:25 h como el posible ganador de un **AUDI A3 Cabrio** □ 20.000 € □ **Equipo Multimedia**
 En el caso de ser seleccionado, [haz click aquí](#)



OPINIÓN POLÍTICA GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD CULTURA DEPORTES GENTE SUPLEMENTOS EXTRA:
 Lingua Aberta Día das letras 2009 RSS CULTURA

CULTURA

O fotógrafo Gabriel Tizón amosa o drama dos inmigrantes baixo o mar

Pretende denunciar, cunha montaxe pioneira, os milleiros de persoas que afogan cada ano ao intentar chegar a Europa

A. L. Actualizado 23/07/2009 - 00:33 h.

COMPARTIR NOTICIA:

0 Comentarios

Vota ●●●●●●●● 0 voto/s

É un feito que unha parte importante dos milleiros de persoas que soben cada ano a unha patera rematan a súa viaxe no fondo do mar. A eles quixo adicarles o fotógrafo Gabriel Tizón a mostra Soños Afundidos, na que o propio mar fai as veces dun "fermoso museo", sen esquecer que tamén pode ser a tumba de inmigrantes, viaxeiros e mariñeiros.

Coa colaboración da Asociación Cultural Columba, Tizón expón as súas imaxes nunha montaxe pioneira, a uns tres metros de profundidade fronte ao cabo Prior, no lugar de Porto da Cova, en Cabanas (A Coruña). É o lugar natal do fotógrafo, no que traballou coa colaboración da xente que alí vive "e que entendeu perfectamente a idea, porque, como galegos, saben o que é ter que emigrar e saben o que pode facer o mar".

As imaxes escollidas son parte dunha serie de fotografías realizadas nas costas canaria e africana sobre a inmigración clandestina en caiucos e pateras. O artista, que traballa habitualmente para o diario **El País**, escolleu esta presentación drástica para "sensibilizar á xente sobre o drama da inmigración clandestina, dun xeito cultural e deportivo". Deportivo porque, para contemplala, hai que nadar uns cantos metros. Como son imaxes de gran tamaño, pódense apreciar sen problemas dende a superficie, aínda que un mergullo é o mellor xeito. "Non fai falla estar moi en forma para facelo; eu baixe e son pouco deportista e moi fumador", bromea Tizón.

Porén, os menos aventureiros poden contemplar as fotos a través de internet, na web da Asociación Columba (www.sociedadecolumba.com) ou en www.gabrieltizon.com. A mostra inaugurouse onte, e permanecerá en Cabanas ata o 2 de agosto. A partir de aí, a intención do fotógrafo é levala "ás costas mediterráneas, canarias e africanas", para denunciar a existencia dun "muro duna soa cara", que non impide a saída dos europeos, só a chegada dos inmigrantes.

Si te gusta Xornal.com, compártenos con tus amigos.
 Disfruta de la libertad de expresión.



Nota: es posible que tengas que estar registrado y autenticado en estos servicios para poder anotar el contenido correctamente.

FOTOSdelanoticia

Pulse encima de las fotografías para ampliarlas



As imaxes sumerxidas no Porto da Cova / GABRIEL TIZÓN

TAMBIÉNte puede interesar

Caixa Galicia amosa unha escolma de bodegóns do Museo del Prado

Sebastián Romo amosa no CGAC unha retrospectiva da súa obra

Un documental boliviano rescata la voz de las inmigrantes maltratadas en Argentina

O fotógrafo Gabriel Tizón amosa o drama dos inmigrantes baixo o mar

A porta de Brasil, aberta para Galicia

PhotoEspaña bate a súa marca, con case 700.000 visitantes

Reigosa novela o relato "aínda por construír" da Transición

Luiz Ruffato: "En Brasil crese que o galego é algo do século XV"

publicidad

Título:

Nombre:

Comentario:

Email: (no se visualizará)

Introduce la palabra de la imagen

Código de verificación para prevenir envíos automáticos.



Enviar

Esta página publica todo tipo de opiniones, réplicas y sugerencias de interés general, siempre que sean respetuosas hacia las personas e instituciones. Se aconseja un máximo de 15 líneas, que podrán ser extractadas por nuestra Redacción. Los autores deben hacer constar: nombre y apellidos, y e-mail. Aquellos textos que no se ajusten a estos criterios podrán ser retirados de la web.

Noticias + vistas

Cultura paga 68.000 euros por unha web que renovara este ano

Día das letras 2009

Sen noticias das axudas á tradución

Eco, Pamuk, Chomsky e Gubern intercambiarán ideas da Coruña

Reigosa novela o relato "aínda por construír" da Transición

Miguel Gomes gaña no Filminho cun relato de amores adolescentes

Galicia, reclamo turístico pero non cultural para os brasileiros

Os libeiros recupéranse da caída das vendas no primeiro trimestre

OPINIÓN POLÍTICA GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD CULTURA DEPORTES GENTE SUPLEMENTOS EXTRA:

Jueves, 23 de julio de 2009 - 0:49 h

Buscar en: